



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 13 - MARZO - 06

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfnº: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfnº: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

XUNTAZAS

Asamblea de COVIGA

O sábado 18 de marzo deste ano 2006 a cooperativa COVIGA celebrará, en Allariz, a súa asamblea xeral de socios/as.

Nesta asamblea darase conta do traballo realizado dende a anterior asamblea, ademais de informar ós socios do estado de contas da cooperativa e dos proxectos que se pretenden abordar nos anos vindeiros.

AXUDAS DA PAC

Prorrogaouse o período de solicitude.

No DOGA do 14 de febreiro de 2006 saíu publicada a orde que regula as axudas da PAC para este ano.

Prorrogaouse o prazo para a solicitude das axudas da PAC para o ano 2006, **ata o 28 de abril de 2006.**

RAPA:

Comenza a campaña de rapa 2006.

Por quinto ano consecutivo o servizo de rapa contrátase dende OVICA. Este ano OVICA contratou a **8 rapadores** que traballarán en 2 equipos.

Para un mellor control da rapa é aconsellable que os socios fagan o pago mediante domiciliación bancaria.

Os gandeiros que non están asociados tamén poderán rapar.

PREZOS

SOCIOS DE OVICA.		NON SOCIOS
rapar	rapar e coller	rapar
1,15 € / ovella	Acordar cos rapadores	1,30 € / ovella (mínimo)

Os gastos de aloxamento e manutención correrán por conta dos rapadores.

Recoméndase non dar bebidas alcohólicas (cervexa, viño, licores ...) ós rapadores.

Recollida da la.

A CORUÑA, LUGO e PONTEVEDRA

Contactouse con Jacinto Álvarez (Monforte) para que se encargue da recollida nestas provincias. O prezo acordado foi de **0,21 euros/capa** (35 pts/capa). Jacinto acompañará ó equipo de esquiladores recollendo e ensacando a lá.

OURENSE

Contactouse con Francisco Chevarri (Monforte) para que se encargue da recollida nesta provincia. O prezo acordado foi de **0,21 euros/capa** (35 pts/capa). Francisco acompañará ó equipo de esquiladores recollendo e ensacando a lá.



Remolque-comedeiro para forraxe en bolos. A Pastoriza - Lugo.

RAZAS: Ojalada.



Orixes: Muflón ibérico.

Características: Alta rusticidade e resistencia a condicións climáticas adversas, aptitude cárnica.

Situación actual: As zonas máis importantes de explotación son Soria, Guadalaxara e Segovia. Considerada raza autóctona de protección especial. ANCRO é a asociación que xestiona o libro xenealóxico da raza.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Mércase rebaño de ovellas 608 186 123
- Mércanse chivos e cabras – Larouco - Ourense 988 33 57 01
- Véndese 50 dereitos ovino-cabrún (Trasmiras - Ourense) 988 44 53 86
- Vende 37 ovellas con dereitos – (Paradela - Lugo) – 982 54 11 92
- Véndese rebaño de 80 ovellas con dereitos – (Xinzo de Limia) – 659 922 923
- Véndese rebaño de 120 ovellas con dereitos – (Baltar) Marina - 988 46 67 62
- Véndese rebaño de 149 ovellas e 70 dereitos – (Rios - Ou) José Manuel – 619 185 033
- Véndense 6 cachorros de mastín – (Melide – A Coruña) Javier 610 503 323
- Cédense ou véndense 450 dereitos de ovino-cabrún. 679 890 628.
- Véndense dereitos de ovino-cabrún. 669 84 14 22.
- Búscase traballador para explotación de ovino en O Saviñao – Lugo. 982 453 114
- Véndese rebaño de 60 ovellas sin dereitos Verea (Ourense). contacto Xosé 610-693917

INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA.

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e OVICA inician 2 proxectos de investigación e transferencia tecnolóxica.

O pasado 22 de febreiro representantes do CIAM e OVICA mantiveron unha xuntanza co Director Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal. Presentáronse 2 proxectos, elaborados polas dúas entidades, que permitirán afondar na mellora productiva das explotacións de ovino-cabrún en Galiza e transmitir, ós gandeiros/as, os resultados destes proxectos. Os proxectos a desenvolver son os seguintes:

- **Utilización de implantes de melatonina para o control reproductivo nos rebaños de ovino das explotacións galegas.** Con este proxecto preténdese coñecer a efectividade da utilización de implantes de melatonina para o control dos celos nas explotacións Galegas de ovino.
- **Estudio da fasciolose no gando ovino galego. Con este estudio, continuidade dos realizados en anos anteriores perséguese tres obxectivos:**
 1. Estudiar as poboacións de Fasciola hepática resistentes ao antihelmíntico triclabendazol.
 2. Valoración da presenza de anticorpos en sangue e leite en explotacións infectadas por Fasciola hepática a través da utilización de un test serolóxico para determinar, coa máxima sensibilidade e especificidade, anticorpos anti-Fasciola en soro ou en leite de animais infectados.

FORMACIÓN

Curso de gandeiro ovino-cabrún en Allariz.

Neste ano 2006 OVICA e a Fundación Ramón González Ferreiro organizan un curso de 250 horas. Está destinado á formación integral de futuros gandeiros de ovino-cabrún.

O curso levarase a cabo nas instalacións da escola silvo-pastoril de Allariz. Estará impartido por docentes da propia escola, técnicos de OVICA e contará coa participación de especialistas nas diversas materias que conforman o programa do curso.

Infórmate contactando con OVICA.



ACTIVIDADES

Congreso de cooperativas.

O Xerente de COVIGA estivo presente no V Congreso Nacional de Cooperativismo Agrario, celebrado en Compostela os días 2 e 3 de marzo de 2006.



Xornadas veterinarias.

Técnicos do servizo veterinario de OVICA participaron os días 10 e 11 de marzo nas 1ª Xornadas de Medicina Veterinaria de Rumiantes.

SEGUROS:

Lembra que podes contratar, a través de OVICA, o seguro de retirada de cadáveres, e outros seguros para a túa explotación.

